



## BOLSAS EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR – BEME

### PRAZOS

### CONVOCATORIA 2018 – 2019 CALENDARIO

#### 1.- PRAZOS E DATAS DA CONVOCATORIA DE BOLSAS

##### a) Prazo de envío de solicitudes

Desde a apertura da resolución de convocatoria ata o **31 de maio de 2018** ás 24:00 horas (hora peninsular española)

##### b) Lista provisional de solicitantes admitidos e excluídos á fase de valoración

Publicarase na web o mes de **xuño**.

Abrirase un prazo de 5 días para que os solicitantes excluídos emenden ou acheguen a documentación faltante.

##### c) Lista de candidatos ordenada por puntuación

Publicarase na web o mes de **xullo**.

A finalidade é coñecer o debido a que obtiveron os candidatos unha vez baremadas as súas solicitudes e abrirase un prazo ata o **10 de agosto de 2018 ás 24:00 horas** (hora peninsular española) para acreditar estar matriculado nun mestrado.

##### d) Plazo máximo para acreditar estar matriculado nun mestrado

O último día é o **10 de agosto de 2018** ás 24:00 horas (hora peninsular española) .

##### e) Listados de persoas beneficiarias das bolsas/suplentes e solicitudes denegadas

Publicarase na web e no DOG o mes de agosto ou setembro.

**Nota:** no caso de que quedasen prazas sen cubrir, poderíase establecer unha **lista de reserva** para que aqueles candidatos que non estivesen matriculados o día 10 de agosto de 2018, para o caso de que fosen admitidos polas universidades correspondentes no seguinte prazo de matrícula. Neste caso, deben acreditar a matrícula no mestrado ata o **21 de setembro de 2018** ás 24:00 horas (hora peninsular española) .

## 2.- PRAZOS E DATAS DE PREINSCRIPCIÓN E MATRÍCULA NAS UNIVERSIDADES

Os solicitantes antes de matricularse na universidade, deben realizar o proceso de solicitude de admisión nun ou en varios mestrados nas universidades galegas que prefiran coa antelación necesaria para poder presentar o xustificante de matrícula.

Cada universidade establece o seu propio prazo de admisión e deben estar en contacto directo con elas para informarse dos programas de mestrado da súa área de interese, así como dos requisitos e da documentación que deben achegar.

Informámosvos que nas universidades existen 2 convocatorias:

### 2.1.- Convocatoria anticipada

É unha convocatoria anticipada para aqueles alumnos con **titulación estranxeira** que queren acceder ás estudos de mestrado nas universidades galegas.

CONVOCATORIA ANTICIPADA 2018 – 2019			
UNIVERSIDAD	UVIGO	USC_ SANTIAGO	UDC_ CORUÑA
Destinatarios	Alumnos con titulación universitaria <b>extranjera:</b> Titulación de Europa o de fuera de Europa	Alumnos con titulación universitaria <b>extranjera:</b> Sólo titulaciones de fuera de Europa (ajeno al EEES)	Alumnos con titulación universitaria <b>extranjera:</b> Titulación de Europa o de fuera de Europa
Nº Plazas	Hasta 5 en plazas cada master	Nº plazas concretas en algunos másteres	Hasta el 30% en cada master
Plazo solicitud admisión	Desde enero a <b>20.06 2018</b>	Desde enero a <b>15.05.2018</b>	Desde enero a <b>30.04.2018</b>

Estes son os enlaces desta convocatoria das tres universidades:

- UVIGO: [https://uvigo.gal/uvigo\\_gl/administracion/posgrao/estranxeiros/](https://uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/posgrao/estranxeiros/)
- USC\_ SANTIAGO: [http://www.usc.es/es/servizos/oiu/modules/news2/news\\_0286.html](http://www.usc.es/es/servizos/oiu/modules/news2/news_0286.html)
- UDC\_ CORUÑA: <https://www.udc.es/matricula/index.html?language=es> (Nota: no apartado “Preinscripción y matrícula de másteres universitarios (ver calendario)”, pódese consultar na páxina 3 do PDF os prazos da convocatoria anticipada dos anos 2018 -2019.



## 2.2.- Convocatoria ordinaria

A convocatoria ordinaria é para os alumnos tanto con **titulación española como con titulación estranxeira** que queiran realizar estudos de mestrado nunha universidade galega.

Os prazos para solicitar a admisión nun mestrado nesta convocatoria ordinaria para o curso 2018-2019 aínda non están publicados, pero o curso pasado a solicitude de admisión foi nos meses de **xuño e xullo**, polo que é moi importante que esteades pendentes destas datas para poder facer os trámites en prazo.